DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxica

Referencia: DP0026 / 2027
Expediente convocatoria: 2026000028008

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE INVESTIMENTOS NO ÁMBITO DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DURANTE O 2027 (DP0026 / 2027)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente”.

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito da cooperación ao desenvolvemento durante o 2027", e vistos os informes do Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxica, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito da cooperación ao desenvolvemento durante o 2027", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2027 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito da cooperación ao desenvolvemento durante o 2027", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito da cooperación ao desenvolvemento durante o 2027, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 20 de novembro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE INVESTIMENTOS NO ÁMBITO DA AXUDA AO DESENVOLVEMENTO – ANO 2027

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial, Sectores Produtivos, Emprego Sostible e Transición Ecolóxica
Sección	Sección de Transición Ecolóxica e Cooperación
Anualidade	2027
Denominación	Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito da axuda ao desenvolvemento
Beneficiarios	Entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña
Programa	DP0026
Aplicación orzamentaria	0520/23131/781
Importe da convocatoria	200.000,00 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Sen límite
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo: 8.000,00 € Máximo: 32.000,00 €
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionables
Coeficiente de financiamento	Variable entre 0,20 e 0,80
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Exposición de motivos

De acordo co criterio establecido polo Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD) da ONU, defínese a Axuda Oficial ao Desenvolvemento como os fluxos ou as correntes dirixidas aos países que figuran na lista de países receptores do CAD e ás institucións multilaterais de desenvolvemento con destino a receptores desa mesma lista de países, proporcionados por organismos oficiais, incluídos gobernos estatais e locais, de carácter concesional e cuxo principal obxectivo sexa promover o desenvolvemento e o benestar

RPT-21603607

económicos dos países en desenvolvemento.

A nova Lei 1/2023, do 20 de febreiro de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global, recoñece o importante papel da cooperación das entidades locais no sistema da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global a partir da súa traxectoria e capacidade de xerar alianzas, mobilizar aos actores e as capacidades económicas e sociais e o coñecemento experto, así como o das propias administracións locais, nas áreas nas que gozan de competencias e capacidades, e promover a participación social e a democracia no ámbito local. Os actores estatais do sistema español de cooperación para o desenvolvemento sostible promoverán a actividade de cooperación dos entes locais e a simplificación de trámites burocráticos para favorecer o devandito obxectivo.

Esta cooperación poderá exercerse tamén a través de fondos municipais de cooperación ou doutras entidades.

Segundo o establecido na dita Lei 1/2023, a planificación estratéxica articúlase a través, entre outros, do Plan Director da política de cooperación para o desenvolvemento sostible. Este Plan Director establecerá a política de ccoperación para o desenvolvemento sostible no marco das respectivas competencias de cada administración.

En parecidos termos exprésase a Lei galega 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que tamén menciona ás entidades locais entre os axentes da cooperación galega, cuxa actuación deberá respectar os principios e criterios establecidos a través do Plan Director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente

A "Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible", asinada en 2015, representa o compromiso internacional para facer fronte aos retos sociais, económicos e medioambientais da globalización, situando no centro ás persoas, o planeta, a prosperidade e a paz. A "Axenda" formula 17 obxectivos con 169 metas nas esferas económica, social e ambiental aplicándose por igual tanto a países desenvolvidos como en vías de desenvolvemento abordando a pobreza, a desigualdade e a degradación do planeta.

A cooperación ao desenvolvemento ten como finalidade apoiar aos países máis desfavorecidos, co fin de contribuír ao progreso humano. As actuacións deberán integrar as seguintes prioridades:

- A erradicación da pobreza multidimensional.
- A igualdade de xénero.
- A defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.
- O enfoque baseado en dereitos humanos.
- O respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade.
- A equidade e loita contra as desigualdades.

A participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.Dende hai máis dunha década, e con fundamento na normativa citada nos apartados anteriores, a Deputación Provincial da Coruña ven prestando apoio aos axentes da cooperación galega, principalmente aos que teñen a súa sede ou delegación na provincia da Coruña, no financiamento de proxectos de axuda ao desenvolvemento, que respecten non só os principios, obxectivos e prioridades establecidas tanto na normativa estatal como na autonómica, senón as liñas xerais e directrices básicas establecidas a través dos documentos de planificación da cooperación estatal e autonómica.

A Deputación da Coruña promove anualmente a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de actividades e investimentos en materia de axuda ao desenvolvemento, nas súas distintas variantes (cooperación internacional, axuda humanitaria, sensibilización, educación para o desenvolvemento, comercio xusto, ...) que se realicen por parte de entidades privadas sen ánimo de lucro da provincia da Coruña.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

- Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Lei 1/2023, do 20 de febreiro de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global.
- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuizamento civil.
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Real Decreto 188/2025, de 11 de marzo, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 10: "Impulsar os proxectos europeos e a solidariedade internacional", e ao seus obxectivos operativos O.46 (apoiar e participar en accións de cooperación ao desenvolvemento levadas a cabo por outras institucións, empresas e entidades do terceiro sector da provincia) e O.50 (impulsar e colaborar na posta en marcha de proxectos de formación e sensibilización sobre cooperación ao desenvolvemento, e contra o racismo e a xenofobia, promovidos por entidades públicas e privadas da provincia).

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións por parte da

Deputación da Coruña, en réxime de concorrencia competitiva, para financiar gastos de investimento en proxectos no ámbito da axuda ao desenvolvemento (cooperación internacional, axuda humanitaria, sensibilización social , educación para o desenvolvemento, comercio xusto, …) que se realicen en 2027 por parte de entidades sen ánimo de lucro que teñan a consideración de beneficiarias de conformidade co establecido nas presentes bases.

2.2 Finalidade

Os proxectos deberán contemplar no seu deseño e execución as prioridades transversais definidas no “V Plan Director de Cooperación Galega (2023-2026)”, relativas á erradicación da pobreza, a igualdade de xénero, a defensa da sostenibilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respeto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade, a equidade e a loita contra as desigualdades, a participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil, e as seguintes outras prioridades:

PRIORIDADES XEOGRÁFICAS:

a. África Subsahariana: Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique.

b. América Central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e El Salvador.

c. América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú.

d. Caribe: República Dominicana.

e. Os países considerados como países menos adiantados (PMA) terán, así mesmo, a consideración de países prioritarios por ser países que precisan dunha especial atención por parte de toda a comunidade internacional, como poden ser Malí, Níxer, Senegal.

f. Terán, así mesmo, a consideración de países prioritarios aqueles países onde a cooperación galega xerase capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e aquelas afectadas por conflitos actuais, esquecidos ou crises humanitarias como son: Poboación Saharahuí, Territorios palestinos e Haití.

g. Aquelas nas que a cooperación galega, e particularmente as entidades beneficiarias, teñan demostrada unha ampla experiencia de traballo, como pode ser a India.

COLECTIVOS PRIORITARIOS:

a. As nenas, adolescentes e mulleres e persoas LGTBIQ+, particularmente as que vivan en zonas empobrecidas e sen recursos e que poidan ser obxecto de múltiples discriminacións.

b. A infancia, adolescencia e mocidade, especialmente aquela en risco ou con diversidade funcional e en situación de explotación infantil ou de exclusión en todas as súas dimensións.

c. A poboación indíxena e/o afrodescendiente e as minorías étnicas e, dentro delas, os grupos que poden ser obxecto de múltiples discriminacións.

d. As persoas con diversidade funcional, as persoas maiores dependentes e as persoas enfermas sen recursos, especialmente as que poden ser obxecto de múltiples discriminacións.

e. As persoas defensoras dos dereitos humanos e a sociedade civil organizada en contextos de represión, persecución e regresión democrática e autoritarismo, con restrición dos dereitos e das liberdades fundamentais.

f. A poboación migrante, refuxiada ou desprazada ou en situación de retorno ou reasentamiento por razóns políticas, económicas, sociais ou ambientais, cunha atención específica aos colectivos máis vulnerables e prioritarios deste plan director. Dentro deste grupo, a cooperación galega seguirá apoiando singularmente á poboación saharauí e á poboación palestina e aqueloutras afectadas por conflitos armados e crises esquecidas.

g. As persoas e os grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación que se viron máis afectadas pola pandemia da covid-19 ou por emerxencias globais.

ÁMBITOS ESTRATÉXICOS:

a. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) das persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.

b. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles cun enfoque de soberanía alimentaria, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.

c. Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidades, o empoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións.

d. Promover a garantía e a defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada.

e. Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais.

f. Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e co fomento da resiliencia.

g. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.

2.3 Ámbito temporal

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2027 e o 31 de decembro de 2027**. Polo tanto, unicamente admitiranse xustificantes de gastos expedidos dentro das datas sinaladas.

Excepcionalmente, para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria poderán admitirse os xustificantes que sexan expedidos antes do **16 de xaneiro de 2028**.

Cando por causas sobrevindas, a entidade beneficiaria se vise obrigada a atrasar o inicio da execución da intervención, a paralizar a mesma unha vez iniciada ou a estender no tempo a execución da intervención, poderá solicitar de forma motivada ao órgano concedente a ampliación do prazo de execución.

O prazo de execución das actividades subvencionadas poderá ser ampliado sen necesidade de autorización previa ata o 30 de abril de 2028, debendo ser comunicada esta ampliación ao órgano concedente antes do 15 de decembro de 2027, ás 14:00 horas. Na devandita comunicación debe motivarse a necesidade de ampliación de prazo.

Base 3. Solicitantes

Poderán acceder á condición de beneficiario as entidades privadas sen ánimo de lucro validamente constituídas, cunha **antigüidade mínima de tres anos** antes da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, valorándose de modo especial a aquelas que, segundo os seus propios estatutos, teñan entre os seus fins a realización de proxectos de axuda ao desenvolvemento (cooperación internacional, axuda humanitaria e de emerxencia, sensibilización social, educación para o desenvolvemento, comercio xusto, …) e estean inscritas no **Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento**.

Así mesmo, además dos previstos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e na Lei xeral de subvencións, son requisitos esixibles aos beneficiarios, que deberán estar cumpridos antes da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes:

- Ter sede social na provincia da Coruña.
- Tamén poderán participar aquelas entidades que non tendo a súa sede social na provincia, dispoñan dunha delegación permanente e acrediten unha infraestrutura mínima na provincia da Coruña (persoal remunerado, local social ou oficina administrativa) e realicen actividades na dita provincia.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1 Gastos

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aqueles gastos que resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do investimento subvencionado e que se atopen dentro dos seguintes códigos de concepto de gasto:

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA
206	Aplicacións informáticas
211	Construccións
213	Maquinaria
214	Utillaxe
216	Mobiliario
217	Equipos para procesos de información
218	Elementos de transporte
219	Otro inmovilizado material
624	Transportes (desprazamentos concertados con terceiros: persoal voluntario, persoas beneficiarias, …, en transporte público ou privado agás os que deban incluírse na conta 629)[1]
629	Outros servizos (desprazamentos do persoal da entidade necesarios para a realización da actividade)[1]
640	Soldos e salarios[1]
642	Seguridade Social a cargo da entidade[1]

[1] Cando os investimentos subvencionados se realicen en terceiros países, admitiranse como gastos subvencionables os xerados polo persoal da entidade beneficiaria española (na sede ou expatriado) ou da contraparte local, polo tempo adicado ao proxecto, así como os derivados do desprazamento dende España ao terreo que fora necesario ou ben do persoal local, para a execución do proxecto de investimento, sempre que en conxunto non excedan do 20 % dos gastos do investimento subvencionables.

4.2 **Consideracións respecto aos gastos subvencionables:**

- Todos os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados co desenvolvemento do proxecto subvencionado.
- Non se subvencionan en ningún caso os gastos seguintes:
  - Aloxamento e manutención do persoal e do voluntariado.
- Únicamente serán obxecto de axuda os **gastos de carácter inventariable**, en ningún caso bens correntes (salvo os xerados polo persoal da entidade beneficiaria española -na sede ou expatriado- ou da contraparte local, polo tempo adicado ao proxecto, así como os derivados do desprazamento dende España ao terreo que fora necesario ou ben do persoal local, para a execución do proxecto de investimento, sempre que en conxunto non excedan do 20% dos gastos do investimento subvencionables)

Para a XUSTIFICACIÓN:

Na Relación clasificada dos Gastos :

- Para as **facturas:**

  1.- Teranse que achegar as facturas ou documentos xustificativos correspondentes aos gastos efectivamente realizados.

  2.- Terase que identificar ás personas acreedoras (nome e NIF) e os tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, data completa de emisión, data de pago -cando proceda-, concepto claro e conciso do gasto, o importe total da

factura e o importe imputado ao proxecto) dos distintos conceptos de gastos subvencionables aprobados na solicitude.

3.- Cando a entidade ten obriga de presentar declaración do IVE (realiza as liquidacións de IVE oportunas) só se imputará a base impoñible da factura (importe sen IVE)

4.- Cando a entidade non teña a obriga de presentar a declaración do IVE, poderase imputar o importe total da factura (incluído o IVE)

- Para os **gastos de persoal** correspondentes ao proxecto subvencionado gravaranse para cada traballador/a e mes dous rexistros:

  1. Na conta 640 polo importe bruto da nómina (ou polo importe que corresponda en función do tempo destinado ao proxecto subvencionado), achegando a correspondente nómina.

  Ademais cubriranse os seguintes campos:

    - no "Nome" o nome e apelidos do traballador/a
    - no "NIF" o NIF do traballador/a
    - no "Concepto" poñerase o seguinte texto: [Nómina do mes de "Indicar o mes correspondente". Porcentaxe de imputación "Indicar a porcentaxe de imputación %".

  2. Na conta 642 polo importe da Seguridade Social a cargo da entidade, xustificado mediante o informe de “Cálculos globais do/a traballador/a”.

  Ademais cubriranse os seguintes campos:

    - no "Nome" o nome do traballador/a"
    - no "NIF" o NIF do traballador/a
    - no "Concepto poñerase o seguinte texto: [Seguridade social a cargo da entidade do mes de "Indicar o mes correspondente". Porcentaxe de imputación "Indicar a porcentaxe de imputación %"].

- Na **memoria xustificativa** no apartado correspondente aos gastos xustificados terase que detallar o seguinte:

  - No caso de xustificar **gastos de personal**, indicar as funcións e tarefas realizadas polo personal obxecto da subvención nas mensualidades xustificadas así como aclarar a porcentaxe de imputación aplicada.
  - No caso de xustificar **gastos de desprazamentos**, detallar as datas, itinerarios e distancias, matrícula dos vehículos utilizados e titulares dos mesmos (nomes e DNI), finalidade, usuarios e importe do gasto realizado (o gasto en kilometraxe aboaráse como máximo no límite previsto na normatvia tributaria vixente).
  - No caso de que os **gastos subvencionables xustificados estén en moeda**

distinta ao euro terase que facer un desglose dos gastos xustificados, o importe en moeda estranxeira, o tipo de cambio aplicado e o importe en euros.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1 Compatibilidades

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea o de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar á Deputación a súa obtención.

As subvencións deste programa son incompatibles con outras subvencións en concorrencia competitiva do Servizo de Desenvolvemento Territorial, Sectores Produtivos, Emprego Sostible e Transición Ecolóxica, excepto co seguinte programa::

- DP0025: Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito da axuda ao desenvolvemento durante o ano 2027. Porén, **a suma de ambas as dúas achegas, se fora o caso, non poderá exceder de 25.000,00 €**, tendo que reducirse éstas proporcionalmente ou a elección da entidade beneficiaria.

5.2 Exclusións

Non serán obxecto de subvención neste programa os seguintes investimentos:

- Os investimentos promovidos por persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Os investimentos promovidos por persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.
- As obras, fases de obra e investimentos que non sexan susceptibles de entrega ao uso público.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma de presentación da solicitude será a que se indica na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1 Difusión do apoio da Deputación

A difusión do carácter público do financiamento levarase a cabo das seguintes formas:

- Farase constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a **información** (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades subvencionadas.
- Incluirase o logotipo da deputación nas webs nas que participe a entidade, no caso de existir ésta. O logotipo está dispoñible no seguinte enderezo: https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos
- Calquera **comunicación ou publicación** das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción (folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) deberán incluír o logotipo da deputación.

Coa conta xustificativa a entidade presentará proba documental (fotografías, informe gráfico, enlaces, etc) sobre o cumprimento destas obrigas.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Criterios de valoración

Son criterios de baremación do programa os seguintes:

CRITERIOS		PTOS
RELATIVOS Á	Sede social na provincia da Coruña (16) ou delegación permanente (8)	**16**

CRITERIOS		PTOS
ENTIDADE SOLICITANTE	Anos de experiencia no sector (3-5 anos: 2; 6-8: 3; 9 ou máis: 4)	**4**
	Capacidade de xestión na provincia (1-2 empregados: 2; 3-4: 3; 5 ou máis: 4)	**4**
	Número de socios ou colaboradores na provincia (25-30: 2; 31-50: 3; 51 ou máis: 4)	**4**
	Anos de experiencia do socio local (3-5: 1; 6-8: 2; 9 ou máis; 3)	**3**
	Participación en plataformas, foros e redes pola beneficiaria (2) e contraparte (1)	**3**
RELATIVOS AO PROXECTO	Viabilidade (puntuación máxima): contexto, pertinencia, coherencia e descripción clara dos investimentos e obxectivos	**7**
	Beneficiarios directos (ata 50: 4; 51 ou máis: 5)	**5**
	Beneficiarios indirectos (ata 100: 2; 101 ou máis: 3)	**3**
	Prioridades xeográficas base específica 2ª a), b), c) ou d): 10; e): 8; f): 6, g): 4	**10**
	Colectivos prioritarios base específica 2ª a) ou b): 9; c) ou d): 7; e), f) ou g): 5	**9**
	Ámbitos estratéxicos base específica 2ª a): 9; b): 7; c): 5; d): 4; e): 3; f) ou g): 2	**9**
	Acción humanitaria	**12**
	Financiación propia (ata o 20 %: 4; 20,1-40%: 5; máis do 40%: 6)	**6**
	Contribucións locais (ata o 30%: 1; 30,1-50%: 2; máis do 50%: 3)	**3**
	Emprego da lingua galega na redacción do proxecto	**2**

O importe da subvención estará comprendido entre os límites establecidos na convocatoria (de 8.000,00 € a 32.000,00 €), priorizando as solicitudes con maior puntuación, entre as que obteñan un mínimo de 25 puntos na valoración do proxecto, sempre que este acade unha valoración positiva na análise de viabilidade.

O importe concreto virá determinado polos puntos obtidos, que se corresponderán cunha porcentaxe sobre o importe solicitado, nunha escala que vai desde un mínimo de 30 puntos, ao que lle correspondería un 20% da cantidade solicitada, ata 80 puntos, a partir do cal se asignaría o 100%.

Exceptúase a obriga de facer a valoración e asignación de puntos de cada solicitude cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos polo importe solicitado.

8.2 Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva polo procedemento de concesión provisional/definitiva, segundo o regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

A valoración e asignación de puntos a cada solicitude realizarase polo persoal funcionario da unidade xestora.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria no caso de existir crédito adecuado e suficiente.

Base 9. Xustificación e pago

9.1 Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2028**, ás 14:00 horas.

Se vencido o prazo de xustificación, non se presentase a conta xustificativa ou esta se presentase incompleta, requirirase á entidade beneficiaria para que, nun prazo de quince días hábiles, no caso de que a subvención ou axuda se execute en España, ou de corenta e cinco días hábiles, no caso das subvencións e axudas cuxa execución se leve a cabo no estranxeiro, proceda a súa presentación.

En todo caso, a presentación da conta xustificativa fóra de prazo non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a gradación de sancións pecuniarias pola comisión de infraccións leves recollidas no capítulo VI da ordenanza xeral de subvencións.

O órgano concedente da subvención poderá ampliar, de oficio ou a pedimento da entidade beneficiaria, o prazo establecido para a presentación da xustificación.

A petición da entidade beneficiaria cursarase, polo menos, con anterioridade ao 15 de decembro de 2027, ás 14:00 horas.

Para as subvencións que teñan ampliación do prazo de execución e/ou xustificación das actividades subvencionadas, o prazo para a presentación da xustificación rematará o 30 de xuño de 2028, ás 14:00 horas.

9.2 Pago

Co fin de asegurar a aplicación estrita dos fondos públicos a gastos xa executados, en consonancia co disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación Provincial, as subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos de gastos reflictidos na base 4ª e que figurarán en cada expediente de solicitude.. Porén, cando se trate de proxectos de cooperación internacional, as entidades beneficiarias poderán solicitar, antes do **30 de setembro de 2027,** a realización dun primeiro pagamento por importe equivalente ao **50% da subvención concedida**, con carácter de anticipo prepagable, de acordo co previsto no art. 31.3 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP número 185, do 29 de setembro de 2025).

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Transición Ecolóxica e Cooperacióndeterminará o tipo de cambio aplicable, tendo en conta a documentación presentada e os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade xa rexistrada na Deputación da Coruña. De non existir este rexistro previo, a entidade deberá achegar a correspondente certificación dos seus datos bancarios.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehacente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral

(cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.

- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas,enquisas e formularios.

- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.

- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.

- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incursos/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.

- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos de distintos provedores, no caso de que contrate cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000€ (IVE excluído) no caso de prestación de servizos ou subministracións, ou superior a 40.000€ (IVE excluído) nos contratos de obras, e de que seleccionará un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- A entidade que represento declara que ten aprobadas as liquidacións ou contas do exercicio vencido.

- A entidade que represento, no caso de solicitar axuda para unha obra que se desenvolva en fases, comprométese a que a fase para a que solicita a axuda sea susceptible de utilización independente, e declara que a entidade conta co financiamento necesario para desenvolver as seguintes fases.

- A entidade que represento, no caso de obras, declara que posúe a propiedade ou dereito real sobre o ben inmoble, ou no caso de arrendamento, que o prazo da súa vixencia é de cinco anos ou máis e ten autorización escrita do propietario para a realización das obras.

- No caso de obras, a entidade que represento comprométese á obtención das licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico artístico e do medio ambiente.

- A entidade que represento comprométese, cando corresponda, a inscribir o ben no rexistro público correspondente, con indicación da subvención obtida e do período de adscrición do dito ben aos fins previstos.

- A entidade que represento comprométese a manter a adscrición dos investimentos aos fins que motivaron a concesión da subvención por un plazo de cinco anos no caso de inmobles, ou de dous anos, en caso de bens inventariables.

Documentación:

- Formulario de solicitude (Anexo I) (Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma SUBTeL).
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude, nomeamento de representante para as relacións coa Deputación, delegación e, se fora o caso, das persoas asociadas (Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma SUBTeL).
- Memoria explicativa dos investimentos ou proxecto que se vai realizar. Máximo 20 páxinas.

  A memoria explicativa terá que conter os seguintes apartados:

  1. Breve introdución do proxecto.
  2. País beneficiario e localización (se fose o caso): planos, mapas, vías de acceso, etc.
  3. Viabilidade/sostenibilidade do proxecto: análise de contexto, políticas de apoio, aspectos institucionais, aspectos socio-culturais, enfoque de xénero, factores tecnolóxicos, factores medio-ambientais, factores económico-financeiros, xestión posterior ao remate do proxecto (se fose o caso), etc.
  4. Identificación do socio ou contraparte local (se fose o caso): denominación, localización, memoria de actividades que realiza, administradores, responsables do proxecto, etc.
  5. Distribución de responsabilidades e funcións entre a beneficiaria e o socio ou contraparte local.
  6. Obxectivos xerais e específicos da intervención.
  7. Investimentos previstos, resultados esperados e indicadores obxectivamente verificables do cumplimiento dos obxectivos
  8. Cronograma dos investimentos. Tendo en conta que o período de execución do proxecto terá que encadrarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2027.
  9. Identificación e grado de implicación dos beneficiarios finais, criterios de selección destes e grado de participación local na elaboración e execución do proxecto.
  10. Orzamento detallado, facendo mención ao custe total do proxecto, en moeda local, se fose o caso, e en euros. O orzamento deberá adaptarse aos conceptos de gastos recollidos na base 4ª. "Gastos subvencionables".

11. Importe solicitado á Deputación da Coruña (que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos) e identificación exacta e pormenorizada das fontes de financiamento complementarias á solicitada á Deputación da Coruña

(Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma SUBTeL na que será obrigatorio cubrir de maneira clara e concisa todos os apartados incluidos na mesma).

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- No caso de obras, resumo do orzamento de execución por capítulos ou unha memoria valorada. Cando o orzamento de execución da obra supere o límite do contrato menor (40.000€ IVE excluído,) deberán presentar necesariamente proxecto técnico, así como nos proxectos de contía inferior cando as obras afecten á estabilidade, seguridade e estanqueidade da obra.
- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade: Solicitude de autorización segundo o disposto no artigo 29.7.d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo.(Para confeccionar este documento dispón dun documento obrigatorio na plataforma SUBTeL)
- Estatutos da entidade solicitante adaptados á lexislación vixente nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente (Deberá achegar unha copia dos estatutos vixentes. Se a entidade solicitante xa constara rexistrada no ficheiro de terceiros da Deputación non será necesaria a entrega deste documento)

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- Os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei xeral de subvencións.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos

percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.

- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha redución do importe da sanción dun 90%).

- A entidade que represento declara que inscribiu o ben no rexistro público correspondente con indicación da subvención obtida e do período da adscrición ás fins previstas, alomenos durante cinco anos no caso de inmobles, ou de dous, no caso de bens inventariables.

- A entidade que represento declara que obtivo as licenzas preceptivas e do cumprimento das normas contractuais e urbanísticas que fosen procedentes.

Documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTeL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

- Memoria das investimentos realizados (Para confeccionar este documento dispón dun modelo na plataforma SUBTeL na que será obrigatorio cumplimentar de maneira clara e concisa todos os apartados incluidos na mesma).

- Relación clasificada dos gastos realizados: Documento descargable en SUBTeL e que se xera automáticamente unha vez detallados os gastos realizados con cargo á subvención no apartado correspondente da xustificación.

- Relación detallada de todos os iingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade. (Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma SUBTeL)

- Xustificantes do tipo de cambio aplicado (Obrigatorio cando os xustificantes de gastos non se expresen en euros)

- Declaración da situación da entidade respecto do IVE (Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma SUBTeL)

- Acreditación da difusión dada á colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña a través de calquera medio que permita deixar constancia así como a inclusión do logotipo da deputación na páxina web da entidade no caso de existir ésta.

- Reportaxe fotográfica dos investimentos realizados
- No caso de que a entidade beneficiaria contratase cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000€ (IVE excluído), no caso de prestación de servizos ou subministracións, ou superior a 40.000€ (IVE excluído), nos contratos de obras, deberá achegar copia dos tres orzamentos solicitados e a motivación da contratación da empresa seleccionada, no caso de que non sexa a máis económica.

Documentación adicional no caso de equipamentos:

- Certificación da recepción do equipamento, detallando os bens adquiridos e indicando que se incluíron no libro do inventario da entidade.

Documentación adicional no caso de obras:

- Acta de recepción da obra, identificando as obras realizadas.
- Certificacións de obra subscrita por técnico colexiado competente, no suposto de obra maior.

Documentación adicional adquisición de inmobles:

- Escritura pública de adquisición.

Documentación adicional adquisición de vehículos:

- Inscripción da titularidade no rexistro público correspondente.

Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova conta bancaria:

- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade.
- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Entidades privadas sen fins de lucro.

Segundo. Obxecto

Financiar, en réxime de concorrencia competitiva, investimentos en proxectos de axuda ao desenvolvemento (cooperación internacional, axuda humanitaria, sensibilización social, educación para o desenvolvemento, ...) que se realicen no 2027 por parte de entidades sen fins de lucro que teñan a consideración de beneficiarias de conformidade ao establecido nas bases reguladoras.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 200.000,00 €, con cargo á partida 0520/23131/781 do Orzamento ordinario para 2027. O importe da subvención a conceder estará comprendido entre os límites establecidos na convocatoria (de 8.000,00 a 32.000,00 €), priorizando as solicitudes con maior puntuación, entre as que obteñan un mínimo de 25 puntos na valoración do proxecto, segundo os criterios de baremación establecidos nas bases reguladoras.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 20 de novembro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible desde a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña https://sede.dacoruna.gal/

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Entidades privadas sin ánimo de lucro.

Segundo. Objeto

Financiar, en régimen de concurrencia competitiva, inversiones en proyectos de ayuda al desarrollo (cooperación internacional, ayuda humanitaria, sensibilización social, educación para el desarrollo, ...) que se realicen en 2027 por parte de entidades sin ánimo de lucro que tengan la consideración de beneficiarias de conformidad a lo establecido en las bases reguladoras.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 200.000,00 €, con cargo a la partida 0520/23131/781 del Presupuesto ordinario para 2027. El importe de la subvención a conceder deberá estar comprendido entre los límites establecidos en la convocatoria (de 8.000,00 a 32.000,00 €), priorizando las solicitudes con mayor puntuación, entre las que obtengan un mínimo de 25 puntos en la valoración del proyecto, según los criterios de baremación establecidos en las bases reguladoras.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 20 de noviembre de 2026, y finalizará a las 14:00 horas del día 18 de diciembre de 2026, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña https://sede.dacoruna.gal/.